



Caderno de informação para as famílias

Curso 2014-15

Colexis Coutada Beade



BENVIDA

O profesorado do colexio Coutada Beade quere agradecervos un ano máis a confianza que depositades en nós, e transmitirvos a idea máis importante destas páxinas: a educación é labor de país, de profesores e tamén dos mesmos nenos. A colaboración entre todos será o que faga funcionar de verdade o colexio. Esta guía quere contribuír a mellorar a comunicación entre nós. Desexamos que vos sexa útil.

PARA CONTACTAR CON NÓS

Camiño do Alén, nº 6

36312 Vigo

Teléfono 986 21 18 13

Fax 986 23 74 45

correo electrónico:

ceip.coutada.beadede@edu.xunta.es

páxina web:

www.edu.xunta.es/centros/ceipcoutadabeadede

Horarios do alumnado

- ⊕ Horario de clase: de 9:00 a 14:00
- ⊕ Comedor: de 14:00 a 16:00
- ⊕ Aula "Madruga": de 7:30 a 9:00

Horarios de atención ás familias

- ⊕ Profesorado: martes de 16:00 a 17:00
- ⊕ Dirección e xefatura de estudos: de 9:00 a 9:30
- ⊕ Secretaría: de 13:30 a 14:00

Director: Manuel Pérez Pérez

Xefa de estudos : Marina Álvarez Arias

Secretaria: Sonia López Francisco

Profesorado

Educación infantil:

3 anos : Susana Loureiro Bargiela

4 anos : Mercedes Cendón Vidal

5 anos A: Estefanía Lamas Liste

Apoio a E.I.: Eva Sotelino Sánchez

Educación primaria:

1º *Noemí Moreira Cousido*

2ºA: Emilia Prrado Figueroa

2ºB: Yolanda Agulla Fernández

3º A: Esperanza González Álvarez

3º B: Alberto C. Vázquez Míguez

4ºA: Amparo Rodríguez Blanco

4ºB: Raquel Fernández Mosquera

5ºA: Mº Del Carmen González Sobrado

5ºB: Rosa Mª Castro Rodríguez

6º:A : Anxos collazo Trigo

6º B : Sonia López Francisco

Inglés: Mª Dolores Corral Rodríguez

Paula Salaberri Areán

Aux. Conversa: Charlotte

Ed.física: Manuel Pérez Pérez

Raquel Fernández Mosquera

Educación musical: Teresa Alonso Pérez

Relixión: Mª Jesús Castro Hereder

Orientación: Miguel A. Montenegro Fernández

Apoio: Marina Álvarez Arias

Audición e L.: Celia Iturralde de la Fuente

Persoal non docente

Coidadora:

Paloma Isquiar Valenzuela

Porteiro-vixiante:

José Antonio Lodeiro

Camareiras do comedor:

Mª Mercedes Rodríguez Pedroso

Mª Carmen González Pereira

Mª Rosario Leirós Figueroa

Aula Madruga:

Mª Rosario Leirós Figueroa



ENTRADAS E SAÍDAS

Os portais estarán pechados ata 10 minutos antes e despois das saídas e entradas. Insistimos na importancia da puntualidade, que supón non retrasarse pero tampouco adiantarse.

Este ano, o portalón principal estará en funcionamento automático ao principio e ao final das clases lectivas para permitir o acceso de traballadores e persoal autorizado ao recinto escolar. O resto de persoas accederán a través da porta peonil.

Cando veñades durante o horario de clases, debedes entrar polo portal de abaixo, e pulsar o interruptor para abrir a porta.

Non está permitido fumar nin consumir bebidas alcohólicas, nin siquera fóra do horario lectivo.

Durante as clases, nos edificios de aulas só poderá estar o alumnado e os traballadores do colexio. O acceso do persoal alleo limitarase a momentos puntuais.

TRÁFICO:

As familias non poden entrar co seu coche no recinto do colexio. O aparcadoiro está reservado para o persoal do centro e as persoas con problemas de mobilidade.

Para facilitar o tráfico nos momentos das entradas e saídas, pregamos que sigades a seguintes normas:

- Deixade o coche aparcado o mais lonxe posible da escola
- Circulade a modo, subindo polo Camiño do Alén e baixando pola continuación.
- Non esquecer que as persoas que suben camiñando teñen prioridade absoluta sobre os coches.

ASISTENCIA ÁS CLASES

A familia está obrigada a traer ao seu fillo/a diariamente respectando os horarios indicados. Cando teña alguna razón para non poder asistir ou para ser puntual, informará á dirección do colexio. O profesorado avisará ao equipo directivo das faltas reiteradas neste sentido.

As faltas de asistencia deben comunicarse previamente, ou xustificarse despois, ao profesorado tutor.

Para saír do colexio durante as clases, terá que vir un adulto a recoller ao neno, quen esperará no vestíbulo de secretaría.

Só poderán recoller aos nenos os seus pais ou tutores legais, e as persoas autorizadas por eles previamente diante dos tutores; cando algún descoñecido se presente a recoller a un neno pequeno, non poderemos entregalo..

Os familiares que acudan a recoller aos nenos poderán entrar dende 10 minutos antes da saída.



SAÚDE

Se o voso fillo contrae alguna enfermidade contaxiosa, por favor non o traian e avísennos para tomar as medidas oportunas. No caso da pediculosis (piollos), enviaremos una nota escrita a tódolos alumnos da clase afectada.

Ns escola non suministramos medicacións, a non ser en casos especiais e sempre baixo indicación médica.

Cando teñamos alguna urxencia sanitaria, o primeiro que faremos será avisar á familia; no caso de que non a localicemos, chamaremos ao 061.



VÍAS DE PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

Os delegados de aula

Terán as seguintes funcións:

1. Servir de ligazón entre o profesorado e as familias
2. Trasladar ás familias a información que recolla do centro
3. Recoller e canalizar as inquiredanzas das familias da súa aula

A asociación de nais e pais de alumnos (ANPA)

É o órgano de participación directa das familias e ten coma principais funcións o asesoramento e representación das familias, a colaboración nas actividades extraescolares e servizos do centro, e a dinamización da participación de familias.

O consello escolar

No Consello Escolar están 5 representantes de pais, 5 profesores, o equipo directivo e 1 representante do Concello, escollidos democráticamente, e reúnese para tomar decisións sobre o centro (plan anual de actividades, decisións económicas, obras, horario escolar, saídas, admisión de alumnado, faltas graves de disciplina, etc.).

A QUEN DIRIXIRSE

Se a cuestión se refire só ao teu fillo

→ fala co seu profesor titor

Se a cuestión se refire a varios nenos da clase

→ fala co teu delegado de aula

Se a cuestión afecta ao colexio, ou a nenos de varias aulas

→ fala coa ANPA ou cos membros do consello escolar

	LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES		LUNS	MARTES
S E T E M B R O	1	2	3	4	5	X A N E I R O		
	8	9	10 Inicio Curso	11	12		5	6
	15	16 PAIS	17	18	19		12	13 EACE
	22	23 PAIS	24	25	26		19	20 CLAUSTRO
	29	30 CCP	1	2	3		26	27 C.ESCOLAR
O U T U B R O	6	7 CLAUSTRO	8	9	10	F E B R E I R O	2	3 EQUIPOS
	13	14 C.ESCOLAR	15	16	17		9	10 CICLOS
	20	21 EQUIPOS	22	23	24		16	17
	27	28 D.O./CICLOS	29	30 Non lectivo	31 Día Ensino		23	24 D.O./CCP
N O V E M B R O	3	4 EACE	5	6	7	M A R Z O	2	3 EQUIPOS
	10	11 MAGOSTO	12	13	14		9	10 AV. INF.
	17	18 EQUIPOS	19	20	21		16	17 AV. 3°5'1°
	24	25 CICLOS	26	27	28		23	24 4°6'2°
D E C E M B R O	1	2 AV. INF.	3	4	5		30	31
	8	9 AV. 1°3°5°	10	11	12			
	15	16 AV. 2°4°6°	17	18 NOTAS	19			
	22	23	24	25	26			

CEIP Cou
Calendario

MÉRC.	XOVES	VENRES		LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES
	1	2	A B R I L			1	2	3
7	8	9		6	7 EQUIPOS	8	9	10
14	15	16		13	14 CLAUSTRO	15	16	17
21	22	23		20	21 C.ESCOLAR	22	23	24
28	29	30		27	28 EACE	29	30	1
4	5	6		M A I O	4 Non lectivo	5 X.LETRAS	6	7
11	12	13 FEST. ENTROIDO	11		12 CICLOS	13	14	15
18	19	20	18		19 CCP	20	21	22
25	26	27	25		26 D.O.	27	28	29
4	5	6	X U N O		1	2 AV. INF.	3	4
11	12	13		8	9 AV. 5°1°3°	10	11	12
18	19	20 San Xosé		15	16 AV. 6°2°4°	17	18 NOTAS	19 Remate Curso
25	26 NOTAS	27		22	23	24	25	26
				29	30			

Datas Salientables

10/9 Inicio Curso
31/10 Día Ensino
22/12 a 7/1 Nadal
16,17,18/2 Entroido
20/3 San Xosé
30/3 a 6/4 Semana Santa
19/6 Remate Curso
Os días 30/10 e 4/5 son días por confirma

Commemoracións

25/11 Día Internacional Contra a Violencia de Xénero
 1 a 11/12 Constitución e Estatuto de Autonomía
 10/12 Declaración Dereitos Humanos
 30/1 Día da Paz
 8/3 Muller Traballadora
 15/3 Dereitos do Consumidor
 9 a 13/3 Semana da Prensa
 23/4 Día do Libro
 13 a 30/4 Día do Libro
 7/4 Día Mundial da Saúde
 9/5 Día de Europa
 7 a 17/5 Semana das Letras
 5/6 Día Mundial do M.A.

Escuela-Beade
Escolar 14/15

O COMEDOR

O comedor escolar é un servizo de carácter educativo, financiado e xestionado actualmente pola asociación de pais e nais de alumnos. Esta situación é provisional, mentres a Xunta non se faga cargo do servizo. O seu funcionamento axustarase ás bases seguintes:

- Para asistir ao comedor é condición indispensable que a familia sexa socia da ANPA e teña as cuotas ao día.
- Os usuarios que utilicen o comedor de forma habitual, deberán aboar o importe nos cinco primeiros días.
- Os usuarios deben avisar se non van asistir. Cando acumulen 3 faltas sen realizar este aviso, perderán as subvencións establecidas anualmente por FOANPAS.
- Os bolseiros non poden faltar ó comedor, salvo causa xustificada, en caso contrario anularíase a beca e non podería seguir no comedor.
- Os nenos que non se comporten axeitadamente serán sancionados, podendo chegarse a súa expulsión do comedor no consello escolar.
- Todos os pagos, anotacións, certificados médicos, justificantes de faltas, etc., deberán entregarse ás encargadas.
- Está prohibido traer comida de fóra.
- Está prohibida a entrada de persoas alleas a este servizo.
- Deberáse comunicar na última semana de cada mes a asistencia dos nenos e nenas para o mes seguinte.
- Se algún neno presenta algún cadro de intolerancia alimentaria ou, que polas súas condicións sanitarias, teña que levar unha dieta especial, os seus pais deberán comunicarllo ás encargadas do comedor.

O horario de comedor estará entre as 14 e 16 hs, permanecendo os nenos/as en todo tempo baixo a atención do seu persoal. Durante ese tempo ningún neno/a poderá saír do colexio a non ser coa autorización escrita e asinada dos seus pais ou titores legais.

PREZOS: Para o coste mensual e mais detalles consultar na ANPA..

O TRANSPORTE ESCOLAR

O servizo de transporte escolar é gratuíto. Depende da Consellería de Educación, facéndose ésta cargo da súa xestión.

Para utilizar o transporte, é preciso anotarse previamente na dirección do colexio e avisar á cuidadora do autobús. Cando se deixe de utilizar, tamén avisade nos dous sitios.

Os nenos observarán bo comportamento e seguirán as indicacións da cuidadora e o chófer.

PARADAS:

- Saamonte 70
- Seixo 120 (Parque)
- Ramiro Pascual 25 (cruce de Babio)
- Ramiro Pascual 46
- Venda 306 (Residencia)
- Venda 240
- Quintián Falcoido 15
- Falcoido 15
- Porto 37

HORARIOS

O autobús pasa pola primeira parada ás 8:25 da mañá, e chega ao colexio ás 8:50.

Ao mediodía sae do colexio ás 14:10

AULA “MADRUGA”

O programa “Madrugá” é un servizo de gardería no que se atenden nenos dende as 8 menos cuarto da mañá. Estará costeadado polas familias que o utilicen, polo que o prezo dependerá do número de nenos que atendamos.

HORARIO: de 7:30 a 9:00

PREZOS:

30 €/mes para os que entran antes das 8:00 (días soltos: 2,50€)

25 €/mes para os que entran despois das 8:00 (días soltos: 2€)

Estes prezos poden cambiar se varía o número de usuarios.

Se desexan que os nenos tomen o almorzo, deberán traelo. A encargada poderá quentalo e darllo aos nenos.

Para asistir a este servizo, é preciso anotarse previamente; cando non sexa posible, pódese facer unha inscrición provisional no mesmo momento da chegada.



ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares están organizadas pola ANPA. É preciso ser socio para inscribirse. Comezan o 1 de outubro.

ACTIVIDADES CURSO 2014/15

- NATACION: Luns 5:15 a 6 h.
- KARATE: Luns e mércores de 5 a 6 h. Venres de 4 a 6 h.
- ATLETISMO: Luns, mércores e venres de 5 a 6 h.
- PATINAXE: Xoves de 4 a 6 h.
- FUTBOL SALA (dende 5 anos): Martes, mércores e venres de 4 a 6 h.
- XIMNASIA RITMICA: Venres de 4 a 6 h..
- PREDEPORTE : Xoves de 4 a 5,30 H
- BALONCESTO: Luns e mércores de 4 a 5
- PINTURA : martes de 4 a 5 h.
- INGLÉS LÚDICO: Martes e xoves de 4 a 5 h.
- FRANCÉS: Martes de 4 a 5 h.

COTAS E PAGAMENTOS:

- Cota de socio da ANPA: 15 € (a pagar ata o 25 de setembro).
- Pagamentos por actividades .
- Debedes consultar os distintos presos na ANPA.

DEREITOS E OBRIGAS DOS PAIS

Os pais, nais ou titores dos alumnos deste colexio teñen os seguintes **dereitos**:

- a. Recibir información periódica sobre o progreso do seu fillo nos aspectos académicos e no proceso de maduración afectiva e social. Tamén serán informados en caso de repetición ou outras medidas especiais.
- b. Elixir ós seus representantes no consello escolar.
- c. Que os seus fillos reciban unha educación de acordo cos fins establecidos na Constitución e na LOE.
- d. Ser membros de asociacións no ámbito educativo.
- e. Coñecer a programación das actividades escolares dos seus fillos

E teñen as seguintes **obrigas**:

- a. Participar como membros activos na comunidade escolar.
- b. Colaborar co profesorado na educación dos seus fillos atendendo ás indicacións deste e axudando á corrección de actitudes de indisciplina.
- c. Facilitar ó profesor-titor información precisa e completa sobre aspectos que incidan na súa educación.
- d. Asistir ás reunións de curso convocadas polo profesor-titor.
- e. Procurar que os traballos escolares se desenvolvan nas mellores condicións posibles e baixo a súa supervisión e control.
- f. Proporcionar ós seus fillos o material imprescindible para o desenvolvemento do traballo escolar.

- g. Presentarse no centro cando sexan requiridos por asuntos de interese xeral ou persoal dos seus fillos. No horario xeral do centro establécense os días e horas das visitas dos pais ós titores. Estas visitas serán sempre fóra do horario lectivo, salvo casos debidamente xustificados nos que o profesor-titor estea dispoñible.
- h. Avisar previamente da falta de asistencia dos seus fillos e, cando sexa imprevisible, xustificala segundo o modelo establecido.
- i. Facer que os seus fillos asistan ó centro co aseo debido e con puntualidade.
- j. Non mandar ós seus fillos ó colexio en período de enfermidade.
- k. Deberán mostrar en todo momento respecto polos profesores e o seu traballo, non os desautorizando ante o alumnado nin menoscabando a súa autoridade e profesionalidade de palabra ou con actitudes violentas.
- l. Deben volver asinadas cantas notas informativas, cualificacións, etc., lles soliciten os docentes.



Coutada - Beade



C.E.I.P.

